## Convocatoria de FPU - 2022

### Convocatoria 2022

#### Datos xerais

| | |
|---|---|
| Convocatoria | ENLACE MINISTERIO CONVOCATORIA |
| Descripción | Concesión de Axudas para contratos predoctorales para a realización de teses doutorais, en Universidades Españolas.<br><br>Son axudas destinadas á formación investigadora en programas de doutoramento para a consecución do título de Doutor/a e a adquisición de competencias docentes universitarias, en calquera área do coñecemento científico, que faciliten a futura incorporación destas persoas ao sistema español de educación superior, e de investigación científica.<br><br>Información na Base de Datos Nacional de Subvencións |
| Beneficiarios e requisitos | Requisitos:<br>Non poderán ser beneficiarias das axudas as persoas que, no momento previsto de incorporación á axuda, gozasen dunha axuda anterior, por un período superior a 24 meses.<br><br>As persoas que sexan beneficiarias de axudas FPU por convocatorias anteriores, non poderán presentar a súa solicitude a esta convocatoria.<br><br>Estas axudas son para a formalización de contratos predoctorales nos centros de adscrición, que teñen unha duración de catro anos, salvo se é unha persoa con discapacidade nese caso a axuda pode ter unha duración de seis anos, conforme ao establecido no artigo 21 c) da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.<br><br>Quen obtivese o título de doutor/a, previo ao comezo da última anualidade da axuda FPU, poderán acceder a un período de orientación postdoutoral (POP) por un máximo dun ano.<br><br>Así mesmo, financiarase a concesión de axudas para para realizar unha estancia en centros estranxeiros, e excepcionalmente españois, que resulte significativa e beneficiosa para o cumprimento do obxecto de formación da axuda de FPU, e que contribúa á mellora ou especialización da formación predoctoral tanto na fase predoctoral como, no seu caso, na fase postdoutoral. |
| Proceso de presentación para participar nesta convocatoria | Prazo de presentación de solicitudes, **desde o 17 de xaneiro de 2023** ata o **15 de febreiro de 2023** ás 14:00 h (horario peninsular)<br><br>Acceso á solicitude<br><br>Información Xeral das axuda:<br>• Video explicativo<br>• Folleto informativo<br>• Guía para obtención da nota media equivalentes para estudos estranxeiros |
| Información sobre a convocatoria | - USC: Contacto de información USC<br>- Teléfono USC: 881816252 – 881816217<br>- Preguntas frecuentes no caso de pesoas beneficiarias FPU: enlace |